

INFORMACIÓN XERAL

1- Todas as funcións terán lugar no **Fórum Metropolitano**, agás "**O loro de Carlos V**" que terá lugar no **Teatro Colón**.

2- O prezo do billete para ESO, bacharelato e F.P. será de 3,00 €

Cada grupo deberá estar acompañado por un responsable do centro, que disporá de entrada gratuíta.

VENDA DE ENTRADAS

1.- En-liña a través da páxina web educativa: **www.coruna.gal/educacion**, para os centros do municipio, **a partir do día 18 de setembro**, para os centros de outros municipios a partir do **20 de setembro**.

(Para solventar dúbidas coa web: 981 902 327)

2.- Compra a través do teléfono **981 184 297**, en horario de 9 a 14: a partir **do 24 de setembro**. (Só se quedan entradas dispoñibles)

. CADA GRUPO SÓ PODERÁ INSCRIBIRSE NUNHA ÚNICA OBRA DE TEATRO.

. As prazas íranse adxudicando por rigorosa orde de petición.

. Retirada de entradas:

3.- As entradas deben ser retiradas no Fórum Metropolitano como moito 10 días antes do espectáculo.

4.- Permitirase un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non exceda de 10 entradas por función e centro.

PROGRAMACIÓN TEATRAL

ESO - BACHARELATO - FP

2019-2020

2º ciclo ESO - BACHARELATO - FP

Xoves 05 de decembro de 2020 ás 11.00 h

FAVOLA IN MÚSICA, COA OSG

O LORO DE CARLOS V

ESTREA ABSOLUTA DUNHA ÓPERA PARA RAPAÇAS E RAPACES

Unha divertida proposta para mergullarse no mundo da ópera da man de **Nani García** e a **Orquestra Sinfónica de Galicia** apta para todos os públicos. Unha ópera buffa baseada nunha idea orixinal do compositor **Nani García**.

É un conto e o mesmo tempo unha obra artística con vocación de entusiasmar e emocionar ó público máis esixente.

Presentada no formato "*singspiel*", a obra contén unha intención lúdica e vitalista dende a que se saúda á "Frauta Máxica" de Mozart e á viveza imperecedeira das obras de Rossini.

O espírito cómico trascende cada escea dende o propio deseño das personaxes. Pero baixo esta aparencia de lixeireza atópanse sofisticados mecanismos que abren as portas a un mundo de ilusión e tenrura. Esta nova e orixinal proposta, desborda talento en todas as súas seccións. Por unha banda, a **Orquestra Sinfónica de Galicia** con **Diego García Rodríguez** a dirección.

Por outra banda as voces de **Borja Quiza**, **Francisco Corujo** e **Helena Abad**. E ademais, **Miguel Anxo Prado** como deseñador de personaxes e escenografía, a emerxente **María Peinado** coa dirección escénica e **Baltasar Patiño** coa dirección técnica.



INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

Teñan en conta as seguintes indicacións:

1. - A hora apuntada na entrada é a de inicio da función. **Pídese puntualidade**. Unha vez comezado o espectáculo, non se permitirá acceder á sala.
2. - Cada grupo asistente á representación estará sempre a cargo das persoas responsables que o acompañan.
3. - Os grupos entrarán na sala portando a súa entrada.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA

ESO - BACHARELATO

Luns 09 e martes 10 de marzo de 2019 ás 11.30 h

BERROBAMBÁN

A CARRETA PANTASMA

"*A carreta pantoasma*" é un espectáculo singular no que se afonda nos límites entre a narración oral e o teatro. É, por tanto, un exercicio de sinxeleza ao levar a escea o poder da palabra amplificada con elementos de significación escénica. Unha exploración sobre a emoción a través dos mínimos artificios.

"*A carreta pantoasma*" fálanos da morte, do medo e da memoria. Vivimos no inmediato e esquecemos con moita facilidade. Ás veces atopámonos sen saber onde ir, que facer, que pensar, porque esquecimos de máis e xa non nos recoñecemos no espello.

A memoria colectiva ofrécenos identidade. E de memoria falan as tres historias que compoñen este espectáculo. "*A carreta pantoasma*" está baseado no filme sueco do mesmo título estreado en 1921, dirixida por Víctor Sjöström a partir dun relato de Selma Lagerlof, a primeira muller en recibir un nobel de literatura sobre unha crenza popular.

Autor e intérprete: **Paula Carballeira**
Escenografía: Chiqui Pereira
Audiovisuais e espazo escénico: Miriam Rodríguez

Duración: **70 min**

ESO - BACHARELATO - FP

Xoves 23 de abril de 2020 ás 11.30 h

BEA CAMPOS

OS CONTOS DA FANTÁSTICA TÍA PILAR

" SESIÓN DE CONTOS PARA PÚBLICO ADOLESCENTE"
SESIÓN ACOMPAÑADA DE MÚSICA

A tía Pilar era unha señora moi maior que vivía na casa do lado. Era moi divertida e tiña habilidades especiais; sabía cando ía chover e cando non, coñecía os nomes de todos os veciños e contaba historias.

Os contos da fantástica tía Pilar é unha sesión de contos na que a mocidade poderá gozar de música en directo. Ademais e de maneira increíble, a tía Pilar visitará en vivo e en directo os/as mozos/as para contar ela mesma os seus recordos.

(*A tía Pilar é un títere corpóreo*)

OBXETIVOS

- Mellorar a expresión oral en galego dos mozos e das mozas
- Poñer en valor a tradición oral para que siga sendo unha ferramenta educativa e de lecer para os/as galegos/as do século XXI.
- Recuperar os ditos e os xogos tradicionais de sempre.

Con: **Beatriz Campos**

Duración: 60 min.

ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL

ESO - BACHARELATO - FP

Venres 24 de abril de 2020 ás 11.30 h

RAMIRO NEIRA FEIRANTES



" UN ESPECTÁCULO DO MÁIS TRADICIONAL PARA MOZOS/AS"

BASEADO EN TEXTOS DE "OUTROS FEIRANTES"
DE ÁLVARO CUNQUEIRO.

O espectáculo realmente é un monólogo ao máis puro estilo "*Stand Up Comedy*" con textos de "*Outros Feirantes*" de Álvarounqueiro.

En "*Feirantes*" mestúranse dúas épocas, dous momentos diferentes no tempo. O pasado e o presente no que atopamos a un cómico condenado a viaxar no tempo, a reaparecer en calquera feira, en calquera momento para volver representar o seu repertorio de historias vividas ó longo das súas actuacións polas ferias galegas e que vai lembrando ás súas andanzas, creando unha relación de necesidade con ese ser anónimo que permanece na sala: o público.

Textos que se traballan no espectáculo:

- A orella dereita de Antón de Leivas
- Tristán García
- Marceliño Pardo (O Gatipetro)

Con: **Ramiro Neira**

Asesoramento pedagóxico: **Estefanía Vázquez**

Duración: 60 min.

ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL